

## **RESUMO DA SESIÓN ORDINARIA DO CLAUSTRO DO DÍA 29 DE MAIO DE 2007**

O día 29 de maio de 2007, ás 10:00 horas en segunda convocatoria, comeza a sesión ordinaria do Claustro da Universidade da Coruña no Paraninfo da Reitoría, presidida polo Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I**. Xustifica a súa ausencia o Sr. Alonso Tajés.

### **1. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior, realizada o día 13 de abril de 2007**

Áprobase a acta da sesión ordinaria do Claustro, realizada o día 13 de abril 2007, cuxa copia foi depositada nos centros da Universidade da Coruña, coa debida antelación, para a súa consulta por parte dos membros do Claustro.

### **2. Aprobación, se proceder, da proposta de reforma parcial dos Estatutos da Universidade da Coruña segundo o establecido para tales efectos no seu artigo 117**

Toma a palabra o Sr. Reitor para darlles conta aos membros do Claustro dos acordos adoptados na Mesa do Claustro a respecto do procedemento para tratar a proposta de reforma parcial dos Estatutos da Universidade, que cumpre os requisitos esixidos para tales efectos. Trátase dunha proposta de reforma formalizada no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña, que figura no **ANEXO II**, por unha relación de 89 claustrais que representa máis do 25 por cento dos membros do Claustro universitario, tal e como esixe o artigo 117 dos Estatutos da Universidade da Coruña. Sempre a propósito desta proposta de reforma, o Sr. Reitor tamén informa dos escritos formalizados no Rexistro Xeral pola Asociación de Investigadores do Programa Isidro Parga Pondal (AIPP), que figura no **ANEXO III**, por un colectivo de profesores da Universidade da Coruña pertencentes ao sector do persoal docente e investigador non funcionario e/ou non doutor, que figura no **ANEXO IV**, e pola Coalición de Independentes do Claustro da Universidade da Coruña, que figura no **ANEXO V**. A respecto desta proposta de reforma parcial, o Sr. Reitor explica que primeiro tomarán a palabra as persoas representantes dos membros do Claustro que propoñen a reforma para que, despois, interveñan os membros do Claustro que así o quixeren e se proceda, unha vez rematada unha quenda de intervencións en que se garanta o debate, á votación desta proposta de reforma por asentimento, se proceder, ou en votación secreta se así o demandaren os membros do Claustro. O Sr. Reitor

tamén os informa de que a Mesa do Claustro, despois de estudar o contido da proposta de reforma e os preceptos afectados, considera oportuno clasificar en técnicas e non técnicas as reformas que se conteñen nesta proposta.

Toma a palabra o Sr. Castedo Ribas, quen non comparte o procedemento acordado pola Mesa do Claustro, en que non se menciona a posibilidade de presentar emendas á proposta de reforma aquí tratada, que é algo moi importante nunha reforma de Estatutos. Considera necesario que haxa maior debate e participación por parte de todos os membros do Claustro, por esta razón propón que na sesión de hoxe só se discuta a proposta, que comparte en moitos dos seus apartados, e que haxa outra sesión para a súa votación, sempre sobre a base de que, deste xeito, aparece garantida unha maior participación dos membros do Claustro. En resposta, o Sr. Reitor indícalle que non se está en presenza dunha proposta de reforma xeral dos Estatutos da Universidade da Coruña, senón que se trata dunha proposta parcial, que cumpre os requisitos esixidos para tales efectos polo artigo 117 dos mencionados Estatutos. Precisamente por isto, a presentación de emendas é algo que corresponde a calquera grupo do Claustro que represente, polo menos, o 25 por cento dos membros do Claustro Universitario e, neste caso, o número de asinantes de proposta está por riba deste mínimo legal requirido. Ademais, e a respecto da posibilidade de presentar emendas á proposta da reforma, o Sr. Reitor afirma que non parece correcta a súa admisión porque podería concibirse como un medio para modificar implicitamente os Estatutos sen se reunir o número mínimo necesario de claustrais esixidos para tales fins. Non obstante, sinalalle o Sr. Reitor, calquera membro do Claustro pode intervir para expresar coa súa intervención a oportunidade ou inoportunidade da proposta de reforma e condicionar o debate, e incluso a votación, até o punto de que os membros do Claustro que propoñen a reforma poden desistir desta en certos puntos.

Rematada súa intervención, intervén o Sr. Valderruten Vidal, quen toma a palabra para explicarlles aos membros do Claustro a filosofía que inspira esta proposta de reforma. Segundo o Sr. Valderruten Vidal, trátase dunha proposta que obedece ao compromiso que adquiriron os claustrais de Nova Luce no momento de se presentaren ás eleccións ao Claustro, sobre cuxo contido xa se falou nas dúas últimas sesións do Claustro. Esta proposta de reforma céntrase en cinco puntos, que son: 1) limitación de mandatos dos órganos unipersoais; 2) aumento da representación do estudantado e do persoal de administración e servizos nos órganos colexiados; 3) aumento de competencias do Claustro; 4) mantemento da elección directa e por sufraxio universal, libre e secreto da figura do reitor; e 5) normalización do funcionamento dos institutos universitarios mediante a creación nas súas estruturas de órganos de xestión específicos. Igualmente fai mención na súa intervención ao impacto da

reforma de Lei orgánica de universidades sobre os nosos Estatutos actuais, que é algo que xustifica que nesta proposta se incorporen, ademais, reformas técnicas de adaptación aos cambios operados polo reforma da citada disposición legal. Antes de que se proceda á consideración desta proposta, o Sr. Valderruten Vidal advirte que decaen do escrito desta iniciativa de reforma as relativas aos artigos 51.1, 2 e 3; 52; 53; e a disposición transitoria 7.<sup>a</sup>. Esta é razón pola que solicita que non se teñan en conta e non se proceda a súa votación, que é algo ao que acceden os membros do Claustro por asentimento. Remata a súa intervención sinalando que con esta proposta non se pretende facer unha revisión a fondo dos Estatutos, tendo en conta que para isto se necesitaría máis tempo e a creación polo Claustro dunha comisión con competencias específicas para estudar e facer unha proposta de reforma global dos Estatutos.

Sobre a base da clasificación das reformas en técnicas e non técnicas que se conteñen nesta proposta, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Colina Garea, quen intervén para explicar e defender as reformas formalmente consideradas técnicas, que son as dos artigos 8, 9.1 e 2.c); 10.2; 11.1; 12; 16.1 e 6; 29; 34.2; 38.2; 66.1.b), k), l) e m); 67.*bis*; 69.4, 5 e 6; 71.1, 2 e 3; 73; 74; 75.1; 81.1; 82.1 e 2; e 92.1; as das disposicións adicionais 3<sup>a</sup>, 5<sup>a</sup>, 6<sup>a</sup>, 8.<sup>a</sup> e 9.<sup>a</sup> e as das disposicións transitorias 5<sup>a</sup> e 6<sup>a</sup>. Trátase de realizar unha adaptación o máis axustada posible á nova versión da Lei orgánica de universidades despois da súa reforma, precisamente para evitar interpretacións que poñan en perigo o control de legalidade que logo, no caso de prosperar a aprobación de proposta de reforma, vai efectuar a Xunta de Galicia.

Despois da intervención do Sr. Colina Garea, ábrese unha quenda de intervencións en que participan a Sra. Sánchez Simón, quen retira a súa suxestión de que a redacción proposta de disposición adicional 8.<sup>a</sup> deba incluír textualmente o contido da disposición adicional 8.4 da reforma da Lei orgánica de universidades, despois de que o Sr. Colina Garea comentase que non parece lóxico que as persoas que propoñen a reforma autoemenden logo a súa propia reforma e de que tamén comentase o Sr. Peña López que a Lei orgánica de universidades sempre vai ser de aplicación por riba dos Estatutos. Nesta quenda tamén intervén a Sra. Ausin Oliveira a propósito do artigo 69, quen se remite á proposta de modificación dos Estatutos que figura no **ANEXO III**, presentada a través do Rexistro Xeral pola Asociación de Investigadores do Programa Isidro Parga Pondal (AIPP), en que se solicita que sexan considerados como persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, que é o que se fai noutras universidades, pois tamén realizan labores de docencia. En resposta, o Sr. Reitor indícalle que a Mesa do Claustro ten coñecemento do escrito presentado pola súa asociación e da situación das persoas que investigan con cargo ao Programa Isidro Parga

Pondal, mais a nova redacción proposta do artigo 69 tan só pretende axustarse ao que para tales efectos dispón a reforma da Lei orgánica de universidades. Trátase dunha cuestión que, ademais, debería ser tratada nunha reforma global dos nosos Estatutos, pois este semella o medio máis idóneo para incluír este colectivo concreto, tal e como se demanda, na categoría do persoal docente e investigador.

Tamén intervén o Sr. García Pérez para incidir nunha cuestión puramente formal a respecto da proposta de reforma do artigo 74, na medida en que semella que hai un defecto na súa redacción, que escurece a súa interpretación. Entende que, no lugar de «Os profesores contratados doutores poderán desenvolver as súas tarefas docentes e investigadoras con dedicación a tempo completo, o seu contrato será de carácter indefinido», debería poñer «Os profesores contratados doutores poderán desenvolver as súas tarefas docentes e investigadoras con dedicación a tempo completo. O seu contrato será de carácter indefinido». Rematada a súa intervención e advertido o erro, acórdase corrixir o texto e rectificar esta eiva.

Antes de proceder ao estudo das propostas de reformas non técnicas, acórdase polos membros do Claustro que a votación de toda a proposta de reforma parcial será secreta, habilitándose para tales efectos as urnas correspondentes. Acórdase tamén que a votación será de 13:30 horas a 15:00 horas, procedéndose a continuación ao escrutinio, que será público.

A respecto das reformas denominadas formalmente non técnicas, toma a palabra de novo o Sr. Colina Garea, quen reitera o comentado polo Sr. Valderruten Vidal sobre os cambios no escrito da iniciativa de reforma, do que se retiran as propostas emendantes dos artigos 51.1, 2 e 3; 52; 53 e disposición transitoria 7.<sup>a</sup>. Estas reforma non técnicas afectan aos artigos 22.a) e b); 23; 25.2; 26.1; 27.2.a), b), i) e l); 28.1; 31.1.c), d) e e); 33.1.b), c) e d); 33.bis; 35.2 e 3; 36.1.d) e m); 41.2 e 3; 45.2 e 4; 48; 77.1 e 2; 87.2; e ás disposicións adicional 2.<sup>a</sup> e transitoria 6.<sup>a</sup>.

Explica as razóns polas se propoñen cambios no artigo 22, o que dá pé para que tome a palabra a Sra. Rey Graña, quen se interesa no procedemento de elección das persoas responsables da dirección dos institutos mencionados nos artigos 22, 33.bis e 48, especialmente no caso dos mixtos e concertados. En resposta, o Sr. Reitor indícalle que nestes casos hai que estar ao que especifique o convenio que dá lugar á súa creación, que ademais debe adecuarse ao que establecen sobre a súa estrutura os Estatutos da Universidade da Coruña.

O Sr. Rego Veiga explica as razóns dos cambios propostos para o artigo 23, que enlazan directamente coa democratización da vida universitaria e que serven tamén para xustificar as propostas de reforma dos artigos 35.3; 41.3; 45.4 e 48. Trátase dunha proposta coa que se pretende favorecer a renovación nos órganos de dirección unipersoais mediante a limitación dos mandatos. Sobre isto último tamén inciden nas súas intervencións a Sra. González Veira e o Sr. Reitor, amosando o seu apoio a esta proposta

A Sra. Martínez López toma a palabra para darlles conta aos membros do Claustro dos motivos que xustifican a reforma do artigo 25.2, e que se reconducen basicamente á necesidade de aumentar as competencias do Claustro e as súas facultades de control. Trátase dunha proposta que recollía o programa de Nova Luce e defendida nas eleccións a representantes ao Claustro.

A Sra. Candedo Gunturiz intervén para explicar os motivos da proposta da reforma do artigo 26.1. Trátase dunha das propostas de reforma máis sensibles e que trae causa da necesidade de incrementar a participación e a representación do estudantado e do persoal de administración e servizos segundo as porcentaxes existentes na maioría das universidades galegas e españolas. Esta proposta, sempre segundo a Sra. Candedo Gunturiz, coloca a Universidade da Coruña nunha situación intermedia entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, e tamén respecta a proposta xeral das universidades españolas, que outorga aos PDI unha porcentaxe que está entre o 60 e o 65 por cento, de xeito que ningún dos sectores se poderá sentir agraviado por ter a porcentaxe máis baixa de todas as universidades españolas. Polo demais, no caso de se aprobar, devolvería a tales colectivos as porcentaxes de participación que tiñan nos Estatutos da Universidade da Coruña aprobados polo Decreto 253/1992, do 10 de setembro. Remata a súa intervención sinalando que estes argumentos son os mesmos para xustificar a proposta de reforma do artigo 35.3, a respecto das porcentaxes para ponderar o voto na elección do reitor.

Na quenda aberta de intervencións, o Sr. García Camba toma a palabra para apoiar esta proposta de reforma pola que se incrementa a porcentaxe de representación do estudantado no Claustro e critica a posición daqueles claustrais que no seu día empregaron demagoxicamente o incremento das porcentaxes, porque agora non están presentes para apoiar esta iniciativa. A Sra. Rey Graña tamén intervén para sinalar que está a favor do incremento da porcentaxe de representación do estudantado e do persoal de administración e servizos, mais coida que é a súa obriga defender que se manteña a actual porcentaxe de representación das restantes categorías de persoal docente e investigador. Entende que é necesario que se manteña pola propia estrutura

da Universidade da Coruña, en que hai moitas escolas universitarias onde profesores funcionarios que non son doutores veñen impartindo docencia e asumindo responsabilidades de xestión desde hai moitísimos anos. Ademais, a respecto do artigo 33.1, non comparte tampouco que sexa eliminado da categoría de membro nato do Consello de Departamento o profesorado contratado a tempo parcial, pois trátase de docentes en moitas ocasións estables, a diferenza dos doutores vinculados ao departamento a través dunha bolsa, que si son membros natos.

A Sra. Martínez López defende a proposta de reforma do artigo 27.2.a), b), i) e l), que ten por obxectivo reordenar as competencias do Consello de Goberno sobre a base das novas competencias que pode asumir o Claustro, ademais de pretender reflectir o establecido no artigo 8.2 da reformada Lei orgánica de universidades. A este respecto, toma a palabra a Sra. Rey Graña para solicitar que se aclaren mellor as razóns da reforma do artigo 27.2.l). En resposta, o Sr. Reitor indícalle que, segundo consta na proposta de reforma presentada, o que se pretende aquí é encaixar a eliminación do artigo 17 da reformada Lei orgánica de universidades, sobre a xunta consultiva e considerar a creación da comisión de posgrao, que englobaría a Comisión de Doutoramento.

Segue co uso da palabra a Sra. Martínez López para explicar a proposta de reforma do artigo 28.1, que ten por fin a adaptación ao novo artigo 15.2 da Lei orgánica de universidades, que reflicte da mellor maneira posible a representación do Claustro por sectores e posibilita a presenza do colectivo de estudantes con representantes no Claustro e da Xunta de Persoal e do Comité de Empresa do persoal de administración e servizos. Ábrese unha quenda de intervencións en que participan o Sr. Casteleiro Maldonado, quen considera prudente especificar fórmulas para o redondeo tendo en conta que se está a falar de porcentaxes para números pequenos; e tamén o Sr. García Camba, quen considera positivos os cambios, dado que limitan o sistema de designación directa do Sr. Reitor, mais entende que talvez sería oportuno concretar o sistema de elección dos representantes. O Sr. Reitor, en resposta, indícalles que estas cuestións deben ser precisadas non aquí, senón en normas de rango inferior, tales como os regulamentos que pode aprobar ao respecto o Consello de Goberno. Remata esta quenda o Sr. Marcos García, quen bota en falta nesta proposta a presenza de representantes da Xunta de Persoal e do Comité de Empresa do persoal docente e investigador e pide que este baleiro se cubra cando corresponda.

A Sra. López Fernández presenta a proposta de reforma do artigo 31.1.c), d) e e), relativo á composición da xunta de centro, que persegue a adaptación ao novo artigo 18 da Lei orgánica de universidades e tamén, tentando cumprir

cunha promesa electoral, o incremento da porcentaxe de representación do estudantado e do persoal de administración e servizos. Na quenda de intervencións toma a palabra a Sra. Rodríguez Amoroso, quen quere saber se na porcentaxe do 28 por cento que corresponde ao estudantado está incluído o de terceiro ciclo, de xeito que tamén formarían parte da xunta de centro. O Sr. Reitor sinalalle que é unha cuestión que se debería resolver nun regulamento electoral e non aquí. Pola súa parte, a Sra. López Fernández sinala que a idea é incluír nesta porcentaxe todo o estudantado sen distincións. Igualmente, intervén o Sr. Sánchez Andújar, quen tamén pregunta sobre a inclusión no persoal de investigadores en formación dos investigadores do Programa Isidro Parga Pondal. A Sra. Fernández López contéstalle que esa era a intención, aínda que sería mellor poñer «persoal investigador e en formación» para que non haxa dúbidas. A Sra. Rey Graña non é partidaria de facer este cambio, porque esta inclusión gramatical cambiaría o sentido da frase. A Sra. Fernández López e Martínez Pereiro entenden que é só unha mellora de redacción e non unha emenda. Remata esta quenda a Sra. Martínez López confirmando que era idea dos proponentes da reforma incluír estes investigadores. Para evitaren tales dúbidas, acórdase mellorar a redacción da proposta poñendo «persoal investigador e en formación».

Segue co uso da palabra a Sra. López Fernández, quen expón o contido da proposta de reforma do artigo 33.1.b), c) e d), relativo á composición do Consello de Departamento é a representación neste dos distintos colectivos. Constitúe unha proposta con que se quere posibilitar a presenza de todos os doutores no Consello de Departamento e o crecemento da porcentaxe de participación do estudantado. Na quenda de intervencións toman a palabra a Sra. Martínez Cebeira e o Sr. López Taboada para saber se os investigadores do Programa Isidro Parga Pondal están tamén incluídos neste apartado, ao que lle contesta afirmativamente o Sr. Reitor. O Sr. López Taboada, ademais, interésase na distinción entre profesores e axudantes, ao que responde o Sr. Armesto Barbeito indicándolle que se trata dunha distinción que fai a Lei orgánica de universidades, que non recoñece na categoría formal de profesores aos axudantes, en tanto que están en formación. Tamén interveñen os Sres. González López e Casteleiro Maldonado a propósito do programa de doutoramento e a figura do profesorado a tempo parcial. Remata esta quenda a Sra. Rey Graña, quen non entende porque aquí se explica que porcentaxe determinada de estudantes debe ser de doutoramento e noutros órganos non se especifica esta cuestión. En resposta, a Sra. López Fernández di que os investigadores do Programa Isidro Parga Pondal son doutores con vinculación universitaria, razón pola que deben estar incluídos; a respecto da cuestión do estudantado de doutoramento, indica que esta explicación se fai porque son os departamentos os que teñen competencia en investigación e

doutoramento, que é algo que debe terse en conta para tales efectos; e a respecto do profesorado a tempo parcial, sinala que se fai unha simetría coa xunta de centro, que non mingua a condición de membros de pleno dereito da Universidade da Coruña.

Igualmente, a Sra. López Fernández dálles conta aos membros do Claustro da proposta de cambio que supón a inclusión dun artigo 33.*bis*, que ten por obxectivo facilitar a participación dos membros dos institutos universitarios de forma regrada.

A explicación da proposta de reforma do artigo 35.2 e 3 é realizada pola Sra. Candedo Gunturiz, recorrendo aos mesmos argumentos empregados para defender as porcentaxes de representación dos distintos sectores no Claustro. A Sra. González Veira intervén para declarar que prefire este sistema de elección do reitor por ser máis democrático.

A proposta de reforma dos artigos 36.1.d) e m), 41.2 e 3, 45.2 e 4 é defendida pola Sra. Martínez López citando literalmente a xustificación que figura a respecto de cada un dos artigos no escrito de reforma presentado no Rexistro Xeral e que figura no **ANEXO II**.

A Sra. López Fernández expón o contido da proposta de reforma do artigo 48, relativo á elección do director de instituto por Consello do Instituto, por similitude co proposto para a elección doutros cargos unipersoais.

O Sr. González López dá conta das reformas propostas do artigo 77.1 e 2, indicando que parece adecuado diminuír a duración dos contratos do profesorado emérito de conformidade co establecido na maioría das universidades españolas.

O Sr. Dopico Calvo defende a proposta de reforma do artigo 87.2, que se fundamenta na idea de que as exencións docentes deben vir detalladas en normas aprobadas por Consello de Goberno e non nos Estatutos.

O Sr. Colina Garea explica o contido da proposta relativa á disposición adicional 2.<sup>a</sup>, que é de adaptación á disposición adicional 8.<sup>a</sup> da Lei de reforma da Lei orgánica de universidades, en que se concede certa potestade normativa aos Consellos de Goberno das universidades para elaboraren normativas de adaptación a Lei orgánica de universidades, aínda que os Estatutos non o estean. Toma a palabra a Sra. Rey Graña para manifestar que entende que esta disposición adicional cambia o que quere dicir a citada disposición adicional da Lei orgánica de universidades. O Sr. Colina Garea, en resposta, dille que se trata tan só de establecer un período para proceder a



unha reforma dos Estatutos que garanta a súa adaptación ás reformas operadas na Lei orgánica de universidades.

O Sr. Colina Garea explica a proposta de reforma relativa á disposición transitoria 6.<sup>a</sup>, quen ten por obxectivo regular cando van poder aplicarse as porcentaxes nas eleccións tanto a órganos unipersoais como colexiados, reparándose nos casos daqueles órganos que se renovan parcialmente en diferentes períodos.

Despois da votación secreta e do escrutinio realizado polos membros da Mesa do Claustro apróbase a proposta de reforma parcial dos Estatutos da Universidade da Coruña, segundo o establecido para tales efectos no seu artigo 117. O resultado da votación figura como **ANEXO VI**.

### **3. Aprobación, se proceder, do proxecto de Estatuto do Estudantado**

Neste punto da orde do día o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estudantes, que intervén para darlles conta aos membros do Claustro do proxecto de Estatuto do Estudantado que figura como **ANEXO VII** e do seu proceso de elaboración, caracterizado polo consenso e polo traballo en común da Vicerreitoría de Estudantes e das organizacións representantes do estudantado con presenza no Claustro, de xeito que pode concibirse formalmente como unha carta de dereitos e deberes básicos aceptados por todos os grupos de estudantes.

Sobre a base de que a Constitución española consagra no seu artigo 27 a autonomía das universidades españolas, que se manifesta, entre outros aspectos, na capacidade de deseñar a súa regulación normativa, o Sr. Vicerreitor de Estudantes indica que, en uso desa capacidade, a Universidade da Coruña elaborou os seus Estatutos, dentro dos cales se determinan as funcións, os dereitos e os deberes dos membros da comunidade universitaria. Concretamente, o capítulo II do título IV dos nosos Estatutos contén un catálogo básico de dereitos e deberes dos estudantes, que carece, porén, dun desenvolvemento normativo posterior. O presente Estatuto do estudante pretende precisamente suplir estas lagoas normativas e dotar ao estudantado da Universidade da Coruña dunha verdadeira carta de dereitos e deberes que determine os límites e as garantías destes.

Neste proxecto de Estatuto do Estudantado aparecen definidos os requisitos constitutivos da condición de estudante, recolléndose e desenvólvense os dereitos que recoñecen aos estudantes universitarios os nosos Estatutos e o resto do ordenamento xurídico, particularmente a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades. Sempre segundo o Sr. Vicerreitor de

Estudantes, con esta disposición normativa procédese ao desenvolvemento das posibilidades do seu exercicio cando iso é conveniente para non quedar en declaracións abstractas. Indica igualmente que nesta norma se recollen os deberes dos estudantes, fundamentados no respecto aos demais e na preservación das finalidades da institución universitaria. Remata a súa intervención con agradecementos expresos aos representantes do estudantado polo traballo desenvolvido para a consecución deste borrador do Estatuto do Estudantado que aquí se presenta.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa a Sra. Rodríguez Amoroso, quen en nome da Asociación de Estudantes Progresistas de Galicia (IESGA) agradece o procedemento democrático de elaboración desta norma e o traballo feito por todas as persoas que participaron neste sentido. O Sr. Perujo Fariña agrádelle tamén ao Sr. Vicerreitor de Estudantes o traballo realizado e pídelle o apoio aos membros do Claustro para que esta norma sexa aprobada. O Sr. González Veira considera que con esta norma a Universidade da Coruña achégase a outras universidades da contorna, mais critica que se teña demorado até hoxe a súa presentación, a pesar de que os Comités Abertos de Facultade (CAF) viñan solicitando desde hai tempo a súa aprobación, e remata a súa intervención afirmando que o procedemento elixido non foi o máis axeitado, pois era preciso terlle dado unha maior difusión cunha comisión e con explicacións ao estudantado. O Sr. García Gil fai unha valoración positiva do proceso e do consenso, que foi logrado pola actitude e polas concesións dos CAF, aínda que considera que o Sr. Vicerreitor de Estudantes condicionou coa súa actuación os resultados, nesgando o proceso e afastándose con isto da súa actuación inicial como árbitro. O Sr. Rodríguez Ayuso afirma que a actuación dos CAF foi de debate e de proposta en todos e cada un dos puntos deste proxecto de Estatuto do Estudantado, que conta con apartados moi importantes que son consecuencia do traballo dos CAF. En sentido semellante intervén o Sr. López Iglesias, quen sinala que, se non for por moitas das achegas dos CAF, o estatuto sería papel mollado, e considera que con todo hai cuestións non tratadas. O Sr. Fernández Núñez toma a palabra para indicar que este non é o momento de cuestionar o procedemento de elaboración desta norma e remata a súa intervención agradecéndolle ao Sr. Vicerreitor de Estudantes o seu labor. O Sr. Alfonso Araújo incide no tema de que a elección foi sempre entre as opcións de «consenso» ou «nada». A Sra. González Martínez interésase polos reclamacións do artigo 56, ao que lle responde o Sr. García Camba que as reclamacións en materia de probas académicas están reguladas na normativa de avaliacións, de cualificacións e de reclamacións. Tamén intervén o Sr. Gabriel Fernández, quen felicita aos estudantes por teren chegado a un acordo que posibilite esta norma e considera oportuno facer un esforzo para saber cales son as canles que deben seguir as reclamacións do estudantado (no só as

académicas, senón tamén as doutro tipo) e deixar claro que reclamacións deberían ir ás dirección dos centros, dos departamentos e ao Valedor Universitario. O Sr. García Mira tamén intervén para felicitar ao Sr. Vicerreitor de Estudantes polo proceso de participación e consenso e para celebrar que os procesos que se someten a aprobación de claustro sexan froito de acordos. Rematan esta quenda de intervencións os representantes do Grupo Alternativo de Estudantes de Derecho (GADED), que comparten o dito pola asociación IESGA e consideran que o estatuto é de todos e de ninguén en particular, razón pola que hai que felicitar ao Sr. Vicerreitor de Estudantes.

Toma a palabra o Sr. Vicerreitor de Estudantes, que sinala que esta norma é un «estatuto», unha regulamentación básica que debe desenvolverse por outras normas, tendo en conta que hai outras disposicións sobre aspectos moi concretos relacionados co estudantado, tales como o regulamento de asociacións, a citada normativa de avaliacións, de cualificacións e de reclamacións, entre outras. Igualmente sinala que, como árbitro ou «outra cousa», non pode admitir comentarios sobre a preponderancia, máis traballo ou actitude mellor nun grupo que noutro. Remata a súa intervención indicando que, desde un principio, non quixo aceptar votacións, senón consenso e que o borrador non podía ser o proxecto da Vicerreitoría de Estudantes, razón pola que propiciou e apoiou calquera iniciativa de consenso do estudantado.

Áprobase por asentimento o Estatuto do Estudantado que figura no **ANEXO VII**.

#### **4. Liquidación do exercicio económico 2006**

Neste punto da orde do día o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Xerente, que intervén para facer unha valoración global da liquidación do exercicio económico, que os membros do Claustro tiñan á súa disposición no enderezo <http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/documentos/liquidacion07.pdf>. Despois de efectuar a valoración xeral da liquidación, que entende boa polo seu equilibrio e porque por vez primeira, desde hai anos, non hai remanente afectado, dá conta dos principios en que se baseou a súa execución, que son o reflexo do sistema de elaboración dos orzamentos, na medida en que se procedeu a orzar de xeito realista sobre a base de equilibrar os ingresos e os gastos, a executar con rigor os orzamentos, a efectuar unha política de pagamentos áxil, de tal xeito que se lograron obter na Universidade da Coruña unhas contas equilibradas e saneadas. Conclúe a súa intervención, unha vez explicado minuciosamente o contido desta liquidación, reiterando

que se trata dunha liquidación boa e en equilibrio, que se debe a unha xestión orzamentaria prudente.

Finalizada a súa intervención, o Sr. Reitor dálle tamén a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica. Comeza a súa intervención sinalando que esta liquidación, tal e como se lles presenta aos membros do Claustro, foi aprobada pola Comisión de Asuntos Económicos e polo Consello de Goberno da Universidade da Coruña. Trátase dunha liquidación caracterizada porque se consolidou o equilibrio orzamentario despois de anos de déficit, mellorado a xestión dos pagamentos mediante a súa axilización e rematou a limpeza de ingresos incobrables. Ademais, o remanente de tesourería é positivo por primeira vez en moitos anos. Conclúe a súa intervención sinalando que se remata o saneamento iniciado no ano 2004, o que permite consolidar unha política de transparencia orzamentaria, evitar tensións de tesourería, afrontar a renegociación do plano de financiamento sen urxencias e intensificar a adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior prevista no Plano estratéxico.

Na quenda de intervencións, toma a palabra a Sra. Martínez López, quen felicita aos dous relatores pola súa explicación e por teren constatado que se cumpriron os prazos marcados e as orientacións establecidas no seu día polo Claustro.

## **5. Quenda aberta de intervencións**

O Sr. Reitor le o escrito dirixido polo Sr. Delgado Martín ao Sr. Secretario Xeral, que figura como **ANEXO VIII**, a propósito da acta da sesión anterior, en que desexa facer constar o verdadeiro sentido da súa intervención sobre as porcentaxes de representación dos diferentes colectivos universitarios, en particular do persoal de administración e servizos, no Consello de Goberno e no Claustro, coa finalidade de evitar interpretacións incorrectas. Trátase dun escrito que non pode ser considerado unha modificación da acta, senón máis ben una aclaración, polo que así se fai constar aquí.

A respecto deste escrito, toma a palabra o Sr. Fernández López para retirar o agradecemento dado ao Sr. Delgado Martín no seu día, tendo en conta a aclaración que se fai no escrito indicado.

Sen máis asuntos que tratar, remátase a sesión ás 15:30 horas.